



**SESIÓN PLENARIA ESPECIAL CON MOTIVO DO
DÍA NACIONAL DO DOANTE**

Día 5 de xuño de 2007, martes

13.00 horas

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O 6 de xuño celebramos o Día Nacional do doante de órganos e tecidos. Desde o Parlamento de Galicia queremos amosar antes que nada o noso máis sincero recoñecemento a todas aquelas persoas e familiares de falecidos que decidiron, doando os seus órganos, apoiar con feitos unha sociedade máis solidaria.

A medicina evoluciona a gran velocidade. A aplicación de novas tecnoloxías e o desenvolvemento do coñecemento supón un importante avance na busca de solucións ás enfermidades, o que redunda no beneficio de todos os cidadáns.

No caso dos transplantes, a responsabilidade repártese entre a administración sanitaria, que pon os medios e os recursos, e a cidadanía, quen decide en última instancia nun acto de solidariedade.

Para levar a cabo as doazóns fai falta a participación e implicación de todos nós como sociedade, porque "sen doantes non hai transplantes".

Unha sociedade comprometida coa solidariedade convértese nunha sociedade competente, coa forza necesaria para lograr as maiores cotas de benestar.

Galicia ten unha longa tradición e experiencia no mundo da doazón e o transplante, con máis de 4.000 órganos transplantados, grazas aos case 1.500 doantes de órganos.

A outra cara da realidade é que na nosa Comunidade Autónoma 25 de cada 100 entrevistas realizadas para solicitar a doazón de órganos e tecidos termina nunha negativa por parte da familia, cando a media estatal é do 15 por cento.

Calquera cidadán pode necesitar un transplante. Facer da aceptación da doazón un elemento diferenciador e de prestixio cidadán é unha aposta de futuro.

A Cámara autonómica chama ao esforzo para que a través da doazón consigamos a sociedade solidaria e responsable que desexamos. Entre todos debemos facer da doazón un elemento de recoñecemento social.

Apostemos polo futuro co compromiso no presente.